

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE ESPEDREGADA

CURSO: 3º EP

MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, EDUCACIÓN ARTÍSTICA, LINGUA INGLESA, EDUCACIÓN FÍSICA, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

DATA: 12/05/20

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LENGUA CASTELLANA 3º
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1 Exprésaxe con certa claridade.	
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción aceptables.	
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende a información xeral de textos orais.	
	LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	
B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.	LCB2.1.1. Le en voz alta, cun nivel aceptable, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume textos de diversos tipos.	
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe textos sinxelos utilizando elementos de cohesión básicos.	
	LCB3.1.2. Aplica con certa autonomía as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.	
	LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos	
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas	
	LCB4.1.4 Utiliza as normas ortográficas básicas.	
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.3. Distingue suxeito e predicado nunha oración	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA GALEGA 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).	
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo	
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.	
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.	
B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.2. Identifica as formas verbais.	
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.	
B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados..	LGB5.3.1. É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		MATEMÁTICAS 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	MTB2.4.1. Razona de maneira axeitada e resolve problemas sinxelos que impliquen o dominio dos contidos traballados.	
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Resolve problemas sinxelos da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, utilizándoas para resolver problemas reais.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		CIENCIAS NATURAIS 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca información importante e exprésaa por escrito de maneira lexible.	
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento	CNB2.1.1./CNB2.1.2. Coñece as partes e o funcionamento do seu corpo, así como a importancia dos principais órganos vitais.	
	CNB2.2.1. Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa.	
	CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable.	
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados.	
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece algunhas características das plantas.	
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en situacións da vida cotián.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		CIENCIAS SOCIAIS 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto	CSB1.1.1. Busca e trata a información obtendo conclusións sinxelas.	
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	
B2.5.Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferio e identifica nun mapa signos convencionais básicos.	
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima	CSB2.12.1. Coñece as fases do ciclo da auga.	
B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe da comunidade autónoma.	
B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización da contorna próxima.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.	
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando	VSCB2.1.1. Expresa con claridade opinións, sentimentos e emocións.	
B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva.	
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais.	
B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA INGLESA 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
PLE-B1.1-Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	
PLE-B1.2-Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	
	3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	
	3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido	
PLE-B2.1-Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles	
PLE-B2.2-Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	3º-PLEB2.3 - Aмосa unha actitude de escoita atenta.	
PLE-B2.3-Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	

	3º-PLEB2.5 - Amona interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.
PLE-B3.1-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
PLE-B3.2-Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.	3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
PLE-B3.3-Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	3º-PLEB3.6 - Amona interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
PLE-B4.3-Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.	3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.
	3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
PLE-B5.1-Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.
PLE-B5.2-Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).
PLE-B5.3-Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas
PLE-B5.6-Expresar a localización dos obxectos	3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
PLE-B5.7-Expresar e identificar os seus desexos.	3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples.
PLE-B5.10-Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como ?e, ou?, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado

	previamente de forma oral.
PLE-B5.11-Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.	3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
PLE-B5.12-Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna
PLE-B5.13-Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	3º-PLEB5.13 - Aмосa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas
PLE-B5.14-Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais.	3º-PLEB5.15 - Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		EDUCACIÓN FÍSICA 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	3º-EFB2.2.2 - Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado	
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	3º-EFB2.2.4 - Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.	
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	3º-EFB2.2.5 - . Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.	
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	3º-EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	3º-EFB3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	3º-EFB3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.	

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	3º-EFB3.1.4 - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	3º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		E. ARTÍSTICA - PLÁSTICA 3º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra. 	
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. 	
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. 	
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. 	

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos de avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none">→ Análise das producións solicitadas ao alumnado→ Uso das TICs→ Recompilación dos materiais→ Verificación das achegas solicitadas polo profesorado. <p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none">→ Traballos realizados polo alumnado a petición do profesorado:→ Rexistro dos materiais empregados→ Portafolio→ Autoavaliación→ Rubricas de avaliación→ Cuestionarios <p>A terceira avaliación terá un sentido diagnóstico, avances realizados, dificultades atopadas, atrasos... a valoración de todo o rexistrado nos permitira obter datos cualitativos para facer os informes e as programacións de cara ao curso 2020-21 o máis precisos posibles coa finalidade de coñecer onde se precisa reforzar, ampliar ou recuperar e que aprendizaxes precisan dunha maior atención.</p>
Cualificación final	<p>Para a avaliación ordinaria teremos en conta principalmente a primeira e segunda avaliación. Será unha <u>valoración só en positivo</u>, podéndose recuperar as materias pendentes nas anteriores avaliacións, para iso valorase o esforzo e o traballo do alumnado que se atope na necesidade de recuperar a materia pendente.</p> <p>A nota final de todo o alumnado poderase ver incrementada (nunca diminuída) en función da valoración do esforzo e os traballos recibidos durante este período excepcional.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades destas materias están, centradas no reforzo e repaso dos contidos traballados ata o estado de alarma, amais se traballan actividades de ampliación sempre de atendendo a contidos xa traballados e en relación ao desenvolvemento das competencias clave.

Entre as distintas actividades cabe destacar que son actividades individuais, abertas, flexibles e cun carácter voluntario. Se combinan actividades virtuais e actividades tradicionais Das actividades concretas marcadas polos títulos/as das actividades individuais recibidas se farán composicións grupais co obxectivo de manter un vínculo co traballo cooperativo, e entre iguais que favoreza o compromiso e a coordinación entre o grupo.

En liñas xerais as actividades traballadas son:

- Tarefas de investigación/experimentación con distintos materiais e técnicas
- Actividades individuais dentro dun “proxecto/actividade” de centro
- Actividades online interactivas ou de gamificación.
- Creacións audiovisuais
- Actividades de creación libre....

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Neste momento estamos vivindo unha situación social, familiar e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

Seguimos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado é fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atopámonos nun momento de constantes modificacións educativas polo estado de alarma e o feito de traballar dende casa implica facer tarefas altamente motivadoras para o noso alumnado, buscando centros de interese e temas

transversais, ademais de ser máis flexibles, permitindo que fagan as actividades cos medios que teñen á súa disposición. Establecese unha constante comunicación co alumnado e as súas familias mantendo o vínculo afectivo e favorecendo o grao de adquisición das competencias clave.

Despois da enquisa feita ao alumnado sabemos que todos dispoñen de conectividade e por iso usamos:

- Blogs creados polos mestras/mestres para mostrar tanto as actividades como as finalidades e recursos.
- Un correo electrónico de gmail para o contacto coas familias e co alumnado.
- Carpetas de Google Drive individuais co alumnado para o traslado dos distintos traballos.
- Abalar móbil para as notificacións e información.
- Páxina web do centro.

Para o alumnado con brecha dixital o centro prestoulle asesoramento e envioulles ordenadores. Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) elaborouse material de estimulación lingüística, de atención, de comprensión lectora e escritura, de razoamento matemático e de Lingua Galega en relación a o programa de adquisición de linguas para alumnado estranxeiro. O material elaborado en coordinación o profesorado de PT e AL co profesorado titor que se lle fai chegar ao alumnado en lotes de documentación impresa.

O Departamento de Orientación continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro entre eles o programa de estimulación lingüística na educación infantil, as adaptacións curriculares e os apoios educativos adaptados á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

	<p>A comunicación e coordinación entre o equipo docente é o piar principal desta metodoloxía. Amais hai unha coordinación constante co DO para atender ao alumnado con NEAE, cun traballo específico. pesar da circunstancia especial</p> <p>É importante subliñar que a pesar da circunstancia excepcional que se está a vivir o profesorado atende as súas funcións e non se esquecer ningunha delas e entre as mesmas, están as actividades complementarias, que dende as distintas coordinacións se fai un especial esforzo para o seu desenvolvemento tal e como se recolle no calendario escolar.</p>
Materiais e recursos	<p>Estamos poñendo a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a súa casa o traballo iniciado nas aulas, para isto as TIC están sendo un elemento fundamental nestes momentos tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.</p> <ul style="list-style-type: none">→ Materias, xogos e actividades audiovisuais creados polos docentes.→ Materiais elaborados polo propio alumnado.→ Fontes e recursos adaptados das redes.→ Libro de texto, cadernos e libretas.→ Vídeos de creación propia dos docentes...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

- Transmitirase información da adaptación das programacións para este 3º trimestre ás familias a través da plataforma Abalar móbil explicándolle onde poden ser consultadas.
- Na información transmitida se lle explicará que é unha adaptación supervisada polo servizo de inspección, e de tal xeito, poden ser modificadas ou melloradas se fose o caso.

Publicidade

Publicarase na páxina web do centro.